



Expediente núm.: 370/2022

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Selección de persoal laboral temporal para o Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM) 2022 – 2023 **Actualización da quenda de reserva**

**Categoría profesional:** Asesor/a xurídico

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Actualización da quenda de reserva ao abeiro da selección de persoal laboral temporal para o Centro de Información á Muller (CIM) 2022 - 2023, na categoría profesional de (1) **Asesor xurídico**.

### Antecedentes

1. O 01.04.2022 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0276, que establece o que copiado literalmente di:

*“Quinto.- Confirmar a inexistencia de quenda de reserva conforme ao disposto nas Bases que rexeron a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 04 de marzo de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 09 de marzo de 2022 (artigo 12).”*

2. O artigo 12 das Bases que rexen a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de Información á Muller (CIM) “Padre Feijoo” de titularidade municipal para o ano 2022 – 2023, dispón literalmente o seguinte:

*“Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia dun ano.*

*As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado, non superación do período de proba, circunstancias da produción, substitución da persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo e outras situacións análogas que se poidan producir (baixas, etc).”*

3. O 03.10.2022 finaliza contrato de duración determinada por circunstancias da produción, formalizado con data 04.04.2022 (RD-L 32/2021), na categoría profesional de “Asesor/a xurídico”, o/a traballador/a que se detalla a continuación:

- Begonia Rodríguez Fernández, con DNI núm. [REDACTED]2347[REDACTED]

Visto o disposto no artigo 12 das Bases que rexen a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de Información á Muller (CIM) “Padre Feijoo” de titularidade municipal para o ano 2022 – 2023, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local







**RESOLVO**

**Primeiro.-** Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexen a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de Información á Muller (CIM) "Padre Feijó" de titularidade municipal para o ano 2022 – 2023 na categoría profesional de "Asesor/a xurídico" (artigo 12):

|   | APELIDOS E NOME             | DNI                      | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | MÁSTER OU POSGRADO | COÑECEMENTO LINGUA GALEGA | TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS | PROBA DE COÑECEMENTOS | PROBA DE GALEGO | TOTAL CONCURSO - OPOSICIÓN |
|---|-----------------------------|--------------------------|-------------------------|-----------|--------------------|---------------------------|--------------------------|-----------------------|-----------------|----------------------------|
| 1 | Rodríguez Fernández, Begoña | ██████████2347██████████ | 4,00                    | 2,00      | 0,00               | 0,00                      | 6,00                     | 8,40                  | Exento          | 14,40                      |

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**Segundo.-** Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Terceiro.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Cuarto.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**RESOLUCIONES DE ALCALDIA**  
Número: 2022-0789 Data: 04/10/2022



Cod. Validación: 9KM75MME3FC3W5GA66HMAR2A9 | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2